

Texto traducido da páxina web [The Friends of Charles Darwin](#)

**Estou totalmente convencido de que nunca houbo un home mellor na Terra.
Charles Darwin a JD Hooker 18 de mayo, 1861**

Se calquera persoa pode reclamar ser un dos mellores amigos de Darwin, este foi o reverendo e profesor John Stevens Henslow. Non só ensinou a Darwin a maior parte da súa técnica científica, senón que procurou un lugar a bordo do HMS Beagle para o seu alumno favorito. O resto, como se dí, xa é historia.

Na súa autobiografía, escrita cara ao final da súa vida, Darwin describe a súa amizade con Henslow como a circunstancia máis importante en toda a súa carreira profesional. A súa amizade comezou en 1828 na Universidade de Cambridge, onde Henslow era un popular profesor de botánica. Darwin oira falar da brillantez de Henslow ao seu irmán Erasmo, que veneraba ao profesor como un home que dominaba todas as ramas da ciencia. Aínda que se supuña que Darwin ía estudar só o primeiro grado de Artes, teoloxía, Euclides e os clásicos, Darwin



conseguiu invitacións para asistir as soireas científicas que organizaba Henslow, onde se relacionaba con outros estudantes e membros de alto grado da comunidade científica da Universidade, incluídos os profesores Adam Sedgwick e William Whewell.

A popularidade de Henslow como mestre débese en grande medida ás súas técnicas progresistas de ensino, que se basaron nos traballos de campo e en alentar aos seus estudantes a facer as súas propias observación, en lugar de simplemente aprender vellos textos. Darwin asistiu con asiduidade ás saídas ao campo con Henslow e comeza a acompañar ao profesor, de tal xeito, que chega a ser coñecido como o home que camiña con Henslow.

Despois de Darwin rematar o seu exame final en 1831, Henslow o anima a comezar o estudo da xeoloxía, incluíndoo nunha expedición xeolóxica con Sedgwick ao norte de Gales

Axente de Viaxes.

Mentras Darwin foi a Gales, Henslow recibe unha carta decíndolle que o capitán Robert FitzRoy procuraba un cabaleiro de compañía para unha viaxe de 2 anos a América do Sul a bordo do HMS Beagle. Ofrecéronlle o posto a Henslow, pero este, por consideración á súa esposa, rexeitáralo. O posto, daquela foi ofrecido ao seu cuñado, Leonard Jenyns, que aceptou nun principio pero cambiou de opinión rapidamente. Percebendo unha oportunidade para o seu protexido, Henslow escribiu a FitzRoy dicindo que el coñecía ao home ideal para o traballo. Tamén escribiu a Darwin para lle preguntar se quería ir. Darwin finalmente persuadiu ao seu pai para darlle o permiso para a viaxe, e, poucos meses máis tarde zarpou cara a América do Sul, no primeiro tramo do que se converteu en case cinco anos de circunnavegación do globo polo Beagle.

Publicista

Durante a viaxe a frecuencia da correspondencia entre Darwin e Henslow era toda a que o primitivo sistema postal permitía. Henslow converteuse no principal receptor das masivas recollidas de mostras científicas de Darwin que enviaba a Inglaterra a intervalos

irregulares durante a viaxe. Henslow reenviou estas mostras aos expertos apropiados para a súa análise, e promove a publicación de extractos das cartas de Darwin en importantes xornais científicos. Cando Darwin regresou ao seu fogar en 1836, tiña unhas credencias científicas e un futuro asegurado en grande parte grazas a Henslow.

Párroco:

Ao ano de regresar a Inglaterra Darwin, Henslow colle a rectoría da parroquia de Hitcham en Suffolk, onde había de permanecer o resto da súa vida. Resulta sorprendente este paso de profesor universitario a predicador rural.

A súa primeira celebración na Igrexa de Hitcham non chegaba para encher un só banco. Decidiu centrarse daquela a mellorar o benestar dos seus feligreses a través da ciencia e non da espiritualidade. Animou aos agricultores locais a participar en experimentos en enfermidades dos cultivos e no uso de fertilizantes (derivados de coprolitos). De feito, dous granxeiros que reuniu nas súas vacacións en Felixstone quedaron tan impresionados polo seu consello que decidiron crear a súa propia empresa de fertilizantes: Fisons. Fundou unha escola no pobo na que el mesmo daba algunhas leccións, e o Museo de Ipswich, admistristra organizacións benéficas locais e organiza excursións educativas a diversos lugares, incluída a Gran Eshibition de 1851.

Figura Nacional.

As actividades de Henslow non se quedaron no meramente parroquial, aínda atopou tempo para continuar coas súas excavacións, ser titor dos fillos da raíña Vitoria e manterse en contacto coa comunidade científica en xeral, incluído o seu célebre ex-alumno.

De feito, en 1860, un ano antes do seu pasamento, o lexendario Henslow presidiu en Oxford a reunión da Asociación Británica para o Avance da Ciencia, na que Thomas Henry Husley e Joseph Dalton Hooker, o xenro de Henslow, enfrontaronse co Bispo Wilberforce sobre a teoría de Darwin da orixe das Especies.

Morte

No inverno seguinte Henslow caeu enfermo dunha grave doenza cardíaca. Consciente da gravidade do seu estado, e baixo a vixianza de Hocker, foise despedindo de moitas figuras que se achegaron ao seu leito. Darwin, virtualmente inválido, non puido acudir por non poder facer fronte á viaxe deica Hitcham, decisión que o fixo sentir moi desgraciado. Henslow morreu dun ataque bronquial o 18 de maio de 1861. Pouco despois, o seu cuñado, Leonard Jenyns, editou un libro homaxe titulado Memoria do Reverendo John Stevens Henslow, ao que Darwin contribuiu cun capítulo.